

INFORME SOBRE A EXECUCION DO ORZAMENTO 2016

O artigo 30, alínea 1.3ª do Regulamento do Parlamento de Galicia (na redacción dada polo Pleno do Parlamento na sesión do 03/08/2015 e publicada no DOG nº 162, do 26/08/2015) atribúe á Mesa do Parlamento non só a elaboración do proxecto de orzamentos do Parlamento de Galicia e proceder a súa execución unha vez aprobados, senón que tamén lle corresponde “ *ao final de cada exercizo, elaborar un informe sobre a súa execución que se presentará perante a Xunta de Portavoces e se publicara no Portal de Transparencia*”.

E por ilo que, esta Intervención, en aras de facilitar o cumprimento pola Mesa do dito cometido, e en exercizo das funcións que me atribúen o artigo 16 do Regulamento de Organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia (BOPG do 24/10/2008), emito o presente informe:

I. INTRODUCCIÓN

En primeiro lugar, dicir que a competencia conferida á Mesa do Parlamento derivase do principio de autonomía orzamentaria da que goza este ente estatutario ao abeiro do artigo 12.2. do Estatuto de Autonomía e desenvolto mediante o Regulamento de Réxime orzamentario e Contable do Parlamento de Galicia e Valedor do Pobo, publicado no BOPG nº 362, do 27/05/2003 (en diante ROC), e que se materializa especialmente nos seguintes hitos:

- a elaboración do seu propio orzamento, con independencia de que se integre no Orzamento da Comunidade Autónoma de Galicia, e haxa de seguir a lexislación orzamentaria autonómica con carácter supletorio, e a Estatal chegado o caso
- a aprobación da súa conta xeral en virtude da consideración tanto da cámara lexislativa como do Valedor do Pobo como entidades contables independentes que axustan a súa xestión contable ao Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia do 29 de novembro de 2001

Asemade a Mesa encargase de executar o orzamento e presentar, ao final de cada exercizo, un informe sobre a súa execución.

Considerando que, de efectualo á data 31 de decembro estaríamos a ofrecer os resultados que se recolleran na próxima liquidación do orzamentos a confeccionar antes do 01 de marzo do ano seguinte, e que, por outra banda, os estados de execución do orzamento véñense amosando por outras administracións públicas con periodicidade trimestral (coincidente co trimestre natural) consistindo unicamente nos estados dos ingresos e gastos á data, mentres que o informe do cumprimento do orzamento se rende noutros parlamentos (Congreso dos Deputados, Cortes de Aragón...) contra mediados de ano trala liquidación, unha vez anuladas as autorizacións e disposicións que non acadaron a Recoñecemento da obriga.

Por ilo, esta Intervención, a falta doutra especificación, emitiu por primeira vez o informe de execución do orzamento 2015 atendendo aos datos existentes a 30/11/2015, para dar cumprimento ao artigo 3, respectando o máximo o teor literal da norma, sen prexuízo de que,

en calquera caso, publicaranse, cando menos con periodicidade trimestral, os estados de execución de ingresos e gastos en acatamento da Lei 19/2013 de Transparencia.

Seria conveniente que si á Mesa lle parece oportuno, se determine por esta a data á que atender para o próximo informe de execución do orzamento (final do terceiro trimestre do exercicio, mediados do seguinte ano como acontece nas Cortes Xerais segundo un texto semellante...), emitíndose o correspondente ao exercicio 2016 segundo o mesmo criterio temporal, en tanto, adoptado para o anterior informe.

II. ORZAMENTO DO EXERCIZO 2016 E MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO

A Mesa do Parlamento aprobou no seu día o proxecto de orzamento consolidado do Parlamento de Galicia -que abrangue xunto ao da cámara o do Valedor do Pobo- para o exercicio 2016 ao abeiro do estipulado no artigo 6 do ROC. O dito proxecto remitiuse á Consellería de Facenda para a súa inclusión nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e, superado o trámite parlamentario veu a luz na Lei 12/2015, do 24/12/2015 (DOG 31/12/2015)

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO PARLAMENTO DE GALICIA

O orzamento do Parlamento do exercicio 2016 desagregase nos seguintes capítulos do ESTADO DE GASTOS INICIAL:

GASTOS	Capítulos	Créditos iniciais	% que representa no orzamento 2016	Variación respecto 2015
Capítulo I	Gastos de persoal	8.074.642,00	48,48%	2,93 % aumento
Capítulo II	Gastos en bens correntes e de servizos	5.614.065,00	33,71%	1,83% aumento
Capítulo IV	Transferencias correntes	2.671.793,00	16,04%	0,29 % aumento
Capítulo VI	Investimentos reais	232.500,00	1,40%	4,49 % aumento
Capítulo VII	Transferencias de capital	2.000,00	0,01%	20 % baixa
Capítulo VIII	Activos Financeiros	60.000,00	0,36%	0 %
	TOTAL	16.655.000,00	100%	2,13%

No tocante aos ESTADO DE INGRESOS INICIALMENTE PREVISTOS son:

INGRESOS	Capítulos	Previsións iniciais	% que representa no orzamento 2016	Variación respecto 2015
Capítulo IV	Transferencias correntes	16.356.000,00€	98,20%	2,12 % aumento
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	4.500€	0,03%	18,18% baixa
Capítulo VII	Transferencias de capital	234.500,00€	1,41%	4,22% aumento
Capítulo VIII	Activos Financeiros	60.000€	0,36%	0 %
	TOTAL	16.655.000,00	100%	2,13 %

Sen embargo ao longo do exercicio, e ata o 30/11/2016 efectuáronse as seguintes MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS:

Nº	Data	Tipo de Modificación	Importes	Partidas e concepto	Financiamento
1	08/02	Transferencia	22.500,00	204.00 alugamento vehículos 226.01.02 gastos protocolo 270 estudos e traballos técnicos	227.11 Traballos outras empresas (Dispoñible) 480.00 Becas (vacante)
2	14/03	Incorporación Remanentes	287.433,49	Varias partidas obxecto de incorporación	Remanente Tesouraría
3	23/03	Transferencia	9.790,00 21.000,00 10,00	226.01.01: gastos representación 226.01.02: gastos protocolo 359 gastos financeiros (ex novo)	Capitulo I (vacantes)
4	18/04	Transferencia	56.284,38	Recuperación parte paga extra 2012: 100.00,110.00,130.00	122.01 (vacantes)
5	21/04	Transferencia	1.500 2.000	270 estudos e traballos técnicos 444.00 Universidades	Capitulo I (vacantes)
6	09/05	Crédito extraordinario	56.000	481.04 Plan estratéxico de subvencións PG 2016	481.02 Comedores (baixa)
7	13/05	Transferencia	4.000 18.332	227.06 (convenio CRTVG) 640.00 (dereitos reprodución Himno)	222.00 (telefónica)
8	31/05	Transferencia	5.000	640 (Convenio portal xurídico)	Capitulo I (vacantes)
9	06/06	Suplemento	20.000	830.00 Anticipos ao persoal	Remanente Tesouraría
10	30/06	Transferencia	4.300 28.794,05	162.05 (seguro de vida) 226.01.02 gastos representación	Capitulo I (vacantes)
11	11/07	Suplemento	60.410	632 (climatizadora hemiciclo)	Remanente Tesouraría
12	18/07	Suplemento	12.100 54.450	623 (forno para cociña cafetería) 632 (reforma alumeadado Hemiciclo)	Remanente Tesouraría
13	29/07	Suplemento	36.300	640 (Software virtualización)	Remanente Tesouraría
14	29/07	Suplemento	98.980,42	626 (Subministro ordenadores e impresoras deputados)	Remanente Tesouraría
15	04/08	Suplemento	471.900	632 (Cableado rede telefonía)	Remanente Tesouraría
16	12/09	Suplemento	25.000	830.00 Anticipos ao persoal	Remanente Tesouraría
17	20/10	Suplemento	58.031,60	640 (Adición web transparencia, visita virtual artística , absys)	Remanente Tesouraría
18	20/10	Transferencia	67.000	628.01(adquisición cadros,escultura)	100 (resto altos cargos)
19	04/11	Transferencia	23.000 25.000	226.01.02 (maletíns deputados) 226.06 reunións e conferencias	222.02 (baixa telefonía) 233(sobrante eleccións)

En consecuencia, os capítulos de gastos víronse modificados nos seguintes termos:

GASTOS	Capítulos	Créditos modificados	% que representa no orzamento 2016
Capítulo I	Gastos de persoal	7.939.547,95	44,66 %
Capítulo II	Gastos en bens correntes e servizos	5.732.075,65	32,24 %
Capítulo III	Gastos financeiros	10,00	0,00 %
Capítulo IV	Transferencias correntes	2.661.793,00	14,97 %
Capítulo VI	Investimentos reais	1.339.178,91	7,53 %
Capítulo VII	Transferencias de capital	2.000,00	0,01 %
Capítulo VIII	Activos financeiros	105.000,00	0,59 %
	TOTAL	17.779.605,51	100%

E os capítulos de ingresos do seguinte xeito:

INGRESOS	Capítulos	Previsións modificadas	% que representa no orzamento 2016
Capítulo IV	Transferencias correntes	16.356.000,00	92 %
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	4.500,00	0,02 %
Capítulo VII	Transferencias de capital	234.500,00	1,32 %
Capítulo VIII	Activos financeiros	1.184.065,51	6,66 %
	TOTAL	17.779.605,51	100%

Estado da situación do Orzamento de Ingresos

A 30/11/2016 recadamos un 70,54%, que se corresponden basicamente coas mensualidades de xaneiro a setembro de 2016 ingresadas pola Consellería de Facenda* e que se imputan como transferencias de capital e transferencias correntes, e o resto dos ingresos trátanse de reintegros de exercizos pechados ou de orzamento corrente e reintegros de anticipos de persoal. En suma esta pendente de realización 5.236.996,92€.

*Cómpre indicar que actualmente o ingreso realízase cunha diferenza de 2 meses sobre a mensalidade que correspondería.

Estado da situación do Orzamento de Gastos

A 30/11/2016 executouse o 83,67% dos créditos xa modificados.

Para maior comprensión, xúntanse os gráficos e anexos que detallan os estados de gastos e ingresos e o porcentaxe da execución orzamentaria.

Santiago de Compostela, a 07 de febreiro de 2017

A interventora



*EXECUCIÓN DO ORZAMENTO
DO EXERCIZO 2016*

PARLAMENTO DE GALICIA - 2016

Estado de Situación do Orzamento de Ingresos a día 30/11/2016. Resumo por Capítulos

Capítulo	Inicial	Actual	DR	DR Anul.	Debedores	I	I Neto	Saldo
	Modificac.		DR Neto	DR Canc.		OI	Dev. I	
3 Taxas, prezos e outros ingresos	0,00	0,00	11.737,48	0,00	3.093,57	8.643,91	8.643,91	-11.737,48
	0,00		11.737,48	0,00		0,00	0,00	73,64
4 Transferencias correntes	16.356.000,00	16.356.000,00	12.208.375,03	0,00	0,00	12.208.375,03	12.208.375,03	4.147.624,97
	0,00		12.208.375,03	0,00		0,00	0,00	74,64
5 Ingresos patrimoniais	4.500,00	4.500,00	1.504,50	0,00	0,00	1.504,50	1.504,50	2.995,50
	0,00		1.504,50	0,00		0,00	0,00	33,43
7 Transferencias de capital	234.500,00	234.500,00	234.500,00	0,00	0,00	234.500,00	234.500,00	0,00
	0,00		234.500,00	0,00		0,00	0,00	100,00
8 Activos financeiros	60.000,00	1.184.605,51	86.491,58	0,00	0,00	86.491,58	86.491,58	1.098.113,93
	1.124.605,51		86.491,58	0,00		0,00	0,00	7,30
Total Xeral EURO:	16.655.000,00	17.779.605,51	12.542.608,59	0,00	3.093,57	12.539.515,02	12.539.515,02	5.236.996,92
	1.124.605,51		12.542.608,59	0,00		0,00	0,00	70,54

PARLAMENTO DE GALICIA - 2016

Estado de Situación do Orzamento de Gastos a día 30/11/2016. Resumo por Capítulos

Capítulo	Inicial	Modificac.	Actual	A	D	O	P	RP	Saldo	%	%O s/Cred.
		Inc.Reman.	RC Pend.+ N D	A Pendente	D Pendente	O Pendente	P Pendente	Reintegros	Remanente	%D s/Cred.	% RP s/O
1 Gastos de persoal	8.074.642,00	-135.094,05 0,00	7.939.547,95 0,00	6.800.124,18 0,00	6.800.124,18 0,00	6.800.124,18 5.034,25	6.795.089,93 0,00	6.795.089,93 2.764,35	1.139.423,77 1.139.423,77	14,35 85,65	85,65 99,93
2 Gastos en bens correntes e servizos	5.614.065,00	54.752,05 63.258,60	5.732.075,65 0,00	5.152.590,26 138.869,32	5.013.720,94 588.395,18	4.425.325,76 0,00	4.425.325,76 0,00	4.425.325,76 647,13	579.485,39 1.306.749,89	10,11 87,47	77,20 100,00
3 Gastos financeiros	0,00	10,00 0,00	10,00 0,00	2,08 0,00	2,08 0,00	2,08 0,00	2,08 2,00	0,08 0,00	7,92 7,92	79,20 20,80	20,80 3,85
4 Transferencias correntes	2.671.793,00	-10.000,00 0,00	2.661.793,00 0,00	2.374.805,72 0,00	2.374.805,72 62.000,00	2.312.805,72 0,00	2.312.805,72 0,00	2.312.805,72 0,00	286.987,28 348.987,28	10,78 89,22	86,89 100,00
6 Investimentos reais	232.500,00	882.504,02 224.174,89	1.339.178,91 54.699,00	1.241.109,16 652.676,42	588.432,74 252.804,88	335.627,86 0,00	335.627,86 0,00	335.627,86 0,00	43.370,75 1.003.551,05	3,24 43,94	25,06 100,00
7 Transferencias de capital	2.000,00	0,00 0,00	2.000,00 0,00	1.107,33 0,00	1.107,33 0,00	1.107,33 0,00	1.107,33 0,00	1.107,33 0,00	892,67 892,67	44,63 55,37	55,37 100,00
8 Activos financeiros	60.000,00	45.000,00 0,00	105.000,00 0,00	97.436,47 0,00	97.436,47 0,00	97.436,47 0,00	97.436,47 0,00	97.436,47 0,00	7.563,53 7.563,53	7,20 92,80	92,80 100,00
Total Xeral EURO:	16.655.000,00	837.172,02 287.433,49	17.779.605,51 54.699,00	15.667.175,20 791.545,74	14.875.629,46 903.200,06	13.972.429,40 5.034,25	13.967.395,15 2,00	13.967.393,15 3.411,48	2.057.731,31 3.807.176,11	11,57 83,67	78,59 99,96

MODIFICACIONES DE CRÉDITO

ECONOMICO	CRÉDITOS EXTRAORD.	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	AMPLIACIONES DE CRÉDITO	TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO		INCORPORAC. REMANENTES DE CRÉDITO	CRÉDITOS XERADOS INGRESOS	BAIXAS POR ANULACIÓN E RECTIFICACION	OUTRAS MODIFICACIONES	TOTAL MODIFICACIÓN
				POSITIVAS	NEGATIVAS					
ORGÁNICO: 0101-PARLAMENTO										
FUNCIONAL: 111B-Actividade legislativa										
10000	0,00	0,00	0,00	37.688,39	67.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-29.311,61
11000	0,00	0,00	0,00	15.819,04	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	15.819,04
12000	0,00	0,00	0,00	0,00	8.790,55	0,00	0,00	0,00	0,00	-8.790,55
12002	0,00	0,00	0,00	0,00	5.487,66	0,00	0,00	0,00	0,00	-5.487,66
12003	0,00	0,00	0,00	0,00	8.455,43	0,00	0,00	0,00	0,00	-8.455,43
12100	0,00	0,00	0,00	0,00	11.551,83	0,00	0,00	0,00	0,00	-11.551,83
12101	0,00	0,00	0,00	0,00	38.108,58	0,00	0,00	0,00	0,00	-38.108,58
12201	0,00	0,00	0,00	0,00	56.284,38	0,00	0,00	0,00	0,00	-56.284,38
13000	0,00	0,00	0,00	2.776,95	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2.776,95
16205	0,00	0,00	0,00	4.300,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	4.300,00
20400	0,00	0,00	0,00	8.136,36	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	8.136,36
216	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	4.627,52	0,00	0,00	0,00	4.627,52
22002	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	58.631,08	0,00	0,00	0,00	58.631,08
22200	0,00	0,00	0,00	0,00	46.332,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-46.332,00
2260101	0,00	0,00	0,00	9.790,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	9.790,00
2260102	0,00	0,00	0,00	85.164,81	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	85.164,81
22606	0,00	0,00	0,00	25.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	25.000,00
22706	0,00	0,00	0,00	4.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	4.000,00
22711	0,00	0,00	0,00	0,00	10.500,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-10.500,00
233	0,00	0,00	0,00	0,00	24.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-24.000,00
270	0,00	0,00	0,00	3.492,88	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	3.492,88
359	0,00	0,00	0,00	10,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	10,00
44400	0,00	0,00	0,00	2.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2.000,00
48000	0,00	0,00	0,00	0,00	12.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	-12.000,00
48102	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	56.000,00	0,00	-56.000,00
48104	56.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	56.000,00
623	0,00	12.100,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	12.100,00
626	0,00	98.980,42	0,00	0,00	0,00	726,00	0,00	0,00	0,00	99.706,42
62801	0,00	0,00	0,00	67.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	67.000,00
62802	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	123.904,00	0,00	0,00	0,00	123.904,00


MODIFICACIONES DE CRÉDITO

ECONOMICO	CRÉDITOS EXTRAORD.	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	AMPLIACIONES DE CRÉDITO	TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO		INCORPORAC. REMANENTES DE CRÉDITO	CRÉDITOS XERADOS INGRESOS	BAIXAS POR ANULACIÓN E RECTIFICACION	OUTRAS MODIFICACIONES	TOTAL MODIFICACIÓN
				POSITIVAS	NEGATIVAS					
632	0,00	586.760,00	0,00	0,00	0,00	1.503,43	0,00	0,00	0,00	588.263,43
640	0,00	94.331,60	0,00	23.332,00	0,00	98.041,46	0,00	0,00	0,00	215.705,06
83000	0,00	45.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	45.000,00
111B-Actividade lexislativa	56.000,00	837.172,02	0,00	288.510,43	288.510,43	287.433,49	0,00	56.000,00	0,00	1.124.605,51
0101- PARLAMENTO	56.000,00	837.172,02	0,00	288.510,43	288.510,43	287.433,49	0,00	56.000,00	0,00	1.124.605,51
TOTAL	56.000,00	837.172,02	0,00	288.510,43	288.510,43	287.433,49	0,00	56.000,00	0,00	1.124.605,51

MODIFICACIONES 2016


BAIXAS POR ANULACIÓN E
RECTIFICACIÓN; -56.000,00

CREDITOS EXTRAORDINARIOS;
56.000,00



- CREDITOS EXTRAORDINARIOS
- SUPLEMENTOS
- AMPLIACIONES
- TRANSFERENCIAS POSITIVAS
- TRANSFERENCIAS NEGATIVAS
- INCORPORACIÓN DE REMANENTES
- CREDITOS XERADOS POR INGRESOS
- BAIXAS POR ANULACIÓN E RECTIFICACIÓN
- OUTRAS MODIFICACIONES

Obrigas Recoñecidas Parlamento de Galicia a 30/11/2016




- Capítulo I Gastos de persoal
- Capítulo II Gastos en bens correntes e servizos
- Capítulo III Gastos financeiros
- Capítulo IV Transferencias correntes
- Capítulo VI Investimentos reais
- Capítulo VII Transferencias de capital
- Capítulo VIII Activos financeiros

Á MESA DO PARLAMENTO

Asunto: Informe de execución do orzamento 2016 do Parlamento de Galicia e Valedor do Pobo

Para os efectos do estipulado no artigo 30, alínea 1.3º do Regulamento do Parlamento de Galicia, que atribúe á Mesa do Parlamento non só a elaboración do proxecto de orzamentos do Parlamento de Galicia e proceder a súa execución unha vez aprobados, senón que tamén lle corresponde “ *ao final de cada exercizo, elaborar un informe sobre a súa execución que se presentará perante a Xunta de Portavoces e se publicara no Portal de Transparencia*”, remítese o informe desta Intervención e anexos que xunta.

Carolina Costoya Pardo
Interventora Xeral
Intervención Xeral e Asuntos económicos



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de febreiro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.2. Orzamento do Parlamento e do Valedor do Pobo

2.2.2. Informe de execución do orzamento de 2016 do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo

Logo de aprobado pola Mesa da Cámara na súa reunión do 14 de febreiro de 2017 o informe sobre a execución do orzamento do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo de 2016 elaborado pola interventora da Cámara.

Logo de presentado á Xunta de Portavoces na reunión que tivo lugar o 14 de febreiro de 2017.

Visto o disposto no artigo 30.1.3.º do Regulamento do Parlamento de Galicia.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

- 1.º) Publicar no Portal de transparencia do Parlamento de Galicia o informe sobre a execución do orzamento do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo de 2016.
- 2.º) Comunicarlles este acordo á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Tecnoloxías da Información.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2017

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

Asinado dixitalmente por:

**Xosé Antón Sarmiento Méndez, Letrado Oficial Maior na data 14/02/2017
14:25:59**

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Tecnoloxías da Información